
Guía de boas prácticas docentes
na Universidade de Vigo

BOB

CONTIDO

| | | |
|-------|--|----|
| 1 | Introdución..... | 4 |
| 2 | Niveis para determinar as boas prácticas..... | 5 |
| 3 | Dimensións, descritores e exemplos das boas prácticas na docencia universitaria | 6 |
| 3.1 | Clasificación de boas prácticas..... | 6 |
| 3.2 | Dimensión da planificación da docencia: descritores e exemplos..... | 7 |
| 3.2.1 | Planificación do ensino con obxectivos claros e relevantes..... | 7 |
| 3.2.2 | Selección e secuenciación adecuada de contidos..... | 7 |
| 3.2.3 | Elaboración dun calendario académico que proporcione unha estrutura temporal efectiva..... | 8 |
| 3.2.4 | Planificación de estratexias de ensino activo e participativo..... | 8 |
| 3.2.5 | Creación e selección de materiais e de recursos didácticos atractivos e significativos que non reproduzan nesgos nin estereotipos de xénero e que empreguen unha linguaxe inclusiva..... | 8 |
| 3.2.6 | Consideración da diversidade do estudantado e adaptación do ensino ás súas necesidades..... | 8 |
| 3.3 | Dimensión de desenvolvemento do ensino: descritores e exemplos..... | 10 |
| 3.3.1 | Comunicación clara e aberta e segura co estudantado..... | 10 |
| 3.3.2 | Utilización de métodos de ensino variados e adaptados ao contexto que fomenten a participación activa do estudantado..... | 11 |
| 3.3.3 | Promoción do pensamento crítico, habilidades de resolución de problemas e aprendizaxe autónoma no estudantado..... | 11 |
| 3.3.4 | Proporcionar retroalimentación construtiva continua e oportuna sobre a actividade académica do estudantado..... | 11 |
| 3.3.5 | Integración de recursos tecnolóxicos e ferramentas educativas apropiadas | 12 |
| 3.3.6 | Promoción dun ambiente inclusivo e respectuoso que valore a diversidade | 12 |
| 3.4 | Dimensión dos resultados: descritores e exemplos..... | 16 |
| 3.4.1 | Avaliación formativa e sumativa que brinde información sobre o progreso do estudantado..... | 16 |
| 3.4.2 | Cualificación xusta e consistente das tarefas e avaliacións..... | 16 |
| 3.4.3 | Análise e uso dos resultados de avaliación para mellorar o ensino..... | 16 |
| 3.4.4 | Facilitación do logro dos obxectivos de aprendizaxe establecidos..... | 17 |
| 3.4.5 | Retroalimentación e seguimento do desempeño académico do estudantado..... | 17 |
| 3.4.6 | Avaliación e mellora continua..... | 17 |

| | | |
|---|---|----|
| 4 | Modelo de formulario-ficha para determinar unha boa práctica..... | 21 |
| 5 | Bibliografía..... | 23 |

BORRADOR

1 Introducción

Pódese dicir, dun xeito xeral, que unha boa práctica está intrinsecamente ligada aos resultados que produce; é dicir, asóciase a unha práctica que ten demostrado que funciona excelentemente acadando tan bos resultados que se pode tomar como referencia ou modelo.

No eido da docencia universitaria, as boas prácticas deben situarse no contexto concreto do proceso de ensinanza-aprendizaxe en que se desenvolve; o seu obxectivo non pode ser outro que a mellora deste en termos de eficiencia e eficacia, minimizando os problemas ou erros, así como a satisfacción das persoas participantes neste proceso, e a posible frustración ou desapego das persoas implicadas.

Débese engadir, ademais, que unha boa práctica na docencia universitaria establece unha relación inseparable entre as dúas principais figuras no proceso de ensinanza-aprendizaxe: o profesorado e o estudiantado, sen esquecer tamén o contexto institucional que fai posible o desenvolvemento das boas prácticas. O estudiantado é, non obstante, o principal receptor da boa práctica docente. En termos xerais, a boa práctica docente ten como obxectivo unha mellora no proceso de aprendizaxe, minimizando o fracaso do estudiantado e tentando que este acadе mellores resultados, que aumente a súa satisfacción sentíndose reforzado e apoiado. Incide, en todo caso, de xeito significativo, nunha mellora institucional e mesmo social converténdose ambas nunha causa e nunha consecuencia das boas prácticas docentes.

Máis aló do que se entende de xeito intuitivo como boa práctica, é preciso encadrala nun contexto máis próximo ao científico. Así, a Unesco, a través do programa MOST (1) (*Management of Social Transformations*), especificou cales son os atributos do concepto «Boa práctica» e as súas principais características:

| | |
|-------------------|--|
| Innovadora | Desenvolve solucións novas ou creativas |
| Efectiva | Amosa un impacto positivo e tanxible sobre a mellora |
| Sostible | Polas súas exixencias sociais, económicas e medioambientais pode manterse no tempo e producir efectos duradeiros |
| Replicable | Serve como modelo para desenvolver políticas, iniciativas e actuacións noutros lugares |

2 Niveis para determinar as boas prácticas

O primeiro aspecto que é importante ter en conta para contextualizar as boas prácticas no ámbito da docencia universitaria é o referido aos catro niveis establecidos no Marco de desenvolvemento académico docente (MDAD). Estes niveis son concibidos como perfís diferenciados polas súas concepcións e prácticas docentes tal e como se recolle na figura:




Figura 1. Esquema xeral de organización do Marco de desenvolvemento académico docente. Adaptado de J. Paricio., A. Fernández e I. Fernández. (2)

En xeral, poden desenvolverse boas prácticas nos catro niveis de docencia, entendendo así os niveis como un avance progresivo ata a excelencia e o liderado. Neste contexto, os niveis de excelencia (3) e liderado (4) garanten un marco no que se asegura o desenvolvemento de boas prácticas de xeito integrado, incidindo en múltiples factores que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe, e fan referencia a experiencias educativas que proxectan unha actividade orientada a acadar uns resultados excelentes.

3 Dimensións, descritores e exemplos das boas prácticas na docencia universitaria

3.1 Clasificación de boas prácticas

No ámbito universitario clasificaremos as boas prácticas nas seguintes tres dimensións: planificación da docencia, desenvolvemento da docencia e resultados. Dentro de cada unha destas dimensións, pódense identificar unha serie de descritores que permiten clarificar os puntos relevantes que definen o marco para o desenvolvemento das boas prácticas.

Ademais inclúense exemplos ligados a estas dimensións que non pretenden ser un catálogo cerrado ou excluínte, senón que buscan ofrecer liñas básicas que poden servir de punto de partida para o desenvolvemento de boas prácticas. A posta en marcha de iniciativas similares ás que se enumeran nos exemplos tampouco garanten por si soas a condición de boa práctica. Como se indica na introdución, unha boa práctica ten que estar fundamentada nas características que a definen (innovadora, efectiva, sostible e replicable) e debe ser avaliada no seu contexto concreto.

1. Planificación da docencia

- Planificación do ensino con obxectivos claros e relevantes.
- Selección e secuenciación axeitada de contidos.
- Elaboración dun calendario académico que proporcione unha estrutura temporal efectiva.
- Planificación de estratexias de ensino activo e participativo e sen negos de xénero.
- Creación de materiais didácticos atractivos e significativos que non reproduzan negos nin estereotipos de xénero.
- Consideración da diversidade do estudiantado e adaptación do ensino ás súas necesidades.

2. Desenvolvemento da docencia

- Comunicación clara e aberta co estudiantado e emprego dunha linguaxe inclusiva e non sexista.
- Utilización de métodos de ensino variados e adaptados ao contexto.
- Fomento da participación activa e equitativa do estudiantado na aula, con coidado de non reproducir roles de xénero.
- Retroalimentación construtiva continua e oportuna sobre a actividade académica do estudiantado.
- Integración de recursos tecnolóxicos e ferramentas educativas apropiadas.

- Promoción dun ambiente inclusivo e respectuoso que valore a diversidade.

3. Resultados

- Avaliación formativa e sumativa que brinde información sobre o progreso do estudiantado.
- Cualificación xusta e consistente das tarefas e avaliacións sen nesgos de xénero.
- Análise e uso dos resultados de avaliación para mellorar o ensino.
- Promoción do pensamento crítico, habilidades de resolución de problemas e aprendizaxe autónoma no estudiantado.
- Facilitación do logro dos obxectivos de aprendizaxe establecidos.
- Retroalimentación e seguimento do desempeño académico do estudiantado.

3.2 Dimensión da planificación da docencia: descritores e exemplos

Complementariamente ao apartado anterior, desenvólvense os descritores e engádense exemplos para a definición do marco para o desenvolvemento de boas prácticas da dimensión da planificación da docencia:

3.2.1 Planificación do ensino con obxectivos claros e relevantes

- Establecer obxectivos de aprendizaxe claros, específicos e/ou medibles que indiquen o que o estudiantado debe ser capaz de facer ao final do curso.
- Desagregar os obxectivos en metas máis pequenas e alcanzables para facilitar o seguimento do progreso.
- Diseñar as actividades de aprendizaxe de maneira que o estudiantado adquira habilidades e competencias demandadas polo mercado laboral, como habilidades de comunicación, traballo en equipo, prácticas e comportamentos igualitarios, pensamento crítico e resolución de problemas, en consonancia coas recollidas no plan de estudos do título.

3.2.2 Selección e secuenciación adecuada de contidos

- Identificar os temas e conceptos clave que deben ser tratados no curso.
- Organizar os contidos de maneira lóxica e secuencial para facilitar a comprensión e a aprendizaxe progresiva.
- Asegurar que os diferentes compoñentes da guía docente se relacionan entre si e se complementan.

3.2.3 Elaboración dun calendario académico que proporcione unha estrutura temporal efectiva

- Establecer datas límite claras para a entrega de tarefas e as avaliacións.
- Distribuír os temas e as actividades da materia de maneira equilibrada.
- Considerar os períodos de revisión e de repaso antes dos exames tendo en conta as necesidades de conciliación do estudantado e posibles situacións especiais.

3.2.4 Planificación de estratexias de ensino activo e participativo

- Incorporar métodos de ensino interactivos, como discusións en grupo, debates, estudos de caso, e actividades prácticas, que lle brinden ao estudantado a oportunidade de aplicar os coñecementos teóricos en situacións reais e sen nesgos de xénero.
- Fomentar a participación activa do estudantado mediante preguntas, debates e exercicios na clase.

3.2.5 Creación e selección de materiais e de recursos didácticos atractivos e significativos que non reproduzan nesgos nin estereotipos de xénero e que empreguen unha linguaxe inclusiva

- Empregar unha variedade de recursos amplamente coñecidos e empregados polas novas xeracións, como plataformas dixitais de entretemento, redes sociais, presentacións multimedia, vídeos, lecturas complementarias e exemplos prácticos.
- Adaptar os materiais a diferentes estilos de aprendizaxe e niveis de habilidade do estudantado.
- Elixir materiais didácticos e recursos de apoio relevantes e actualizados que apoién os obxectivos de aprendizaxe e as necesidades do estudantado.
- Proporcionar unha listaxe actualizada de lecturas e de recursos bibliográficos relevantes, que inclúan libros, artigos, investigacións e sitios web confiables, para enriquecer a aprendizaxe do estudantado, procurando acadar o equilibrio nas referencias a autores e autoras.

3.2.6 Consideración da diversidade do estudantado e adaptación do ensino ás súas necesidades

- Identificar as necesidades especiais do estudantado e proporcionar adaptacións razoables para apoiar a súa aprendizaxe.
- Empregar estratexias inclusivas que teñan en conta a diversidade cultural e social, de xénero, de idioma e de habilidades.
- Facer máis accesibles e atractivas as materias en canto ao idioma para o estudantado estranxeiro, facilitando a internacionalización.

Exemplos

- **Deseño de obxectivos SMART.** O profesorado pode utilizar o enfoque SMART (específicos, medibles, alcanzables, relevantes e cun tempo definido) para definir os seus obxectivos de aprendizaxe. Por exemplo, nun curso de estatística, un obxectivo SMART podería ser: «No primeiro mes de docencia, o estudantado será capaz de calcular e analizar estatísticas descritivas para conxuntos de datos reais».
- **Emprego de taxonomías educativas** (por exemplo, Bloom), para definir niveis de aprendizaxe. Por exemplo, establecer obxectivos que traten diferentes niveis cognitivos, desde lembrar e comprender ata analizar e crear, segundo corresponda.
- **Aliñamento claro de obxectivos, contidos e avaliación.** Cada elemento da materia debe estar deseñado para axudar o estudantado a alcanzar os obxectivos de aprendizaxe establecidos. Por exemplo un/unha docente pode desenvolver unha matriz de aliñación que mostre como cada actividade e a súa avaliación contribúen ao logro dos obxectivos de aprendizaxe e que garanta que haxa unha coherencia clara entre eles.
- **Aliñación dos contidos do curso coas necesidades e metas do estudantado na súa futura carreira profesional.** Por exemplo, unha materia de mercadotecnia podería centrarse en estratexias de mercadotecnia dixital para preparar o estudantado para roles modernos en márketing.
- **Deseño de métodos de avaliación que reflectan os obxectivos de aprendizaxe aliñados coa realidade profesional.** Por exemplo, nunha materia de deseño gráfico, un obxectivo podería ser que o estudantado deseñe unha campaña publicitaria para unha organización sen fins de lucro como parte da súa avaliación final.
- **Vinculación coa investigación e a práctica actual.** O profesorado manterá os obxectivos de aprendizaxe actualizados e relevantes ao vincularlos coa investigación e as tendencias actuais no campo. Por exemplo, nunha materia de química, os obxectivos poden relacionarse con investigacións recentes sobre temas relevantes.
- **Contextualización dos contidos.** Antes de ensinar un novo tema, o profesorado pode comezar relacionando o contido con experiencias cotiás ou con temas previamente estudados. Por exemplo, nunha materia de microbioloxía, poderían comezar discutindo a importancia das bacterias na vida diaria antes de afondar na microbioloxía clínica.
- **Integración interdisciplinar.** O profesorado pode fomentar a integración de diferentes disciplinas ao seleccionar contidos. Isto pode axudar o estudantado para comprender como as diversas áreas do coñecemento se relacionan entre si. Por exemplo, nunha materia de historia da ciencia, pódense incorporar elementos da filosofía e da física para mostrar como se desenvolveron as teorías científicas ao longo do tempo.

- **Planificación de sesións regulares.** Establecer días e horarios para as actividades académicas, o que axuda o estudantado a programar o seu tempo e a crear unha rutina de estudo. Por exemplo, facilitarlle ao estudantado unha axenda da materia.
- **Distribución equilibrada de contidos.** Organizar o calendario de maneira que os contidos se distribúan de maneira uniforme ao longo do semestre, evitando a acumulación de demasiadas actividades importantes (probas, proxectos...) nun curto período de tempo.
- **Planificación de períodos de tempo para revisión e estudo independente.** Incluír períodos no calendario para que o estudantado poida revisar o material e estudar de maneira independente antes das probas de avaliación ou entregas de proxectos.
- **Planificación de actividades complementarias relevantes.** Prever a posibilidade de incorporar actividades complementarias, como conferencias, saídas de campo etc., e programalas con anticipación no calendario académico.
- **Utilización de plataformas de xestión da aprendizaxe ou de calendarios en liña** para compartir o calendario académico co estudantado, o que lle permite acceder a el facilmente e recibir recordatorios automáticos.
- **Planificación de diferentes actividades e estilos de ensino.** O profesorado diversifica os métodos de ensino e actividades para acomodar diferentes estilos de aprendizaxe e necesidades do estudantado. Isto inclúe conferencias, debates, proxectos individuais e en grupo, e actividades prácticas.
- **Diversificación das perspectivas culturais na guía docente.** Un ou unha docente de socioloxía reconece a diversidade cultural na aula e esforzase por integrar diversas perspectivas nas súas materias. Introduce autorías e teorías de diversas culturas e contextos no seu curso. Inclúe lecturas e estudos de caso que tratan temas de xénero, raza, orientación sexual e outras identidades, para que o estudantado obteña unha comprensión máis completa da socioloxía desde múltiples perspectivas.
- **Introdución da perspectiva de xénero,** procurando tamén o equilibrio nas referencias a autores e autoras.

3.3 Dimensión de desenvolvemento do ensino: descritores e exemplos

Neste apartado desenvólvense os descritores e engádense exemplos para a definición do marco para o desenvolvemento de boas prácticas da dimensión de desenvolvemento do ensino:

3.3.1 Comunicación clara e aberta e segura co estudantado

- Establecer canles de comunicación efectivas, como o correo electrónico, foros en liña ou plataformas de xestión da aprendizaxe, para estar dispoñible e responder rapidamente as consultas do estudantado.
- Fomentar un ambiente de confianza e apertura para que o estudantado se sinta cómodo ao expor preguntas e expresar as súas inquedanzas.
- Dar a coñecer entre o estudantado recursos institucionais como, por exemplo, o protocolo de acoso, as normas de convivencia ou o punto lila virtual.

3.3.2 Utilización de métodos de ensino variados e adaptados ao contexto que fomenten a participación activa do estudantado

- Empregar unha variedade de métodos de ensino que se adapten a diferentes estilos de aprendizaxe, como unha combinación de conferencias, discusións en grupo, estudos de caso, traballos prácticos, proxectos prácticos e actividades interactivas para involucrar o estudantado e promover unha aprendizaxe activa, que permita a adquisición de habilidades de pensamento crítico e de resolución de problemas.
- Establecer un ambiente de aprendizaxe colaborativa xa sexa a través de proxectos grupais, discusións en liña ou actividades de resolución de problemas que anime o estudantado a participar e compartir ideas, e poidan aprender uns dos outros e desenvolver habilidades de traballo en equipo, sen nesgos de xénero e con capacidade de relacionarse en igualdade.
- Adaptar os métodos de ensino ao contido específico e ás necesidades do estudantado.

3.3.3 Promoción do pensamento crítico, habilidades de resolución de problemas e aprendizaxe autónoma no estudantado

- Diseñar actividades e avaliacións que fomenten o pensamento crítico, a resolución de problemas e a capacidade de aplicar o coñecemento en contextos reais.
- Estimular a autonomía e a autorregulación da aprendizaxe no estudantado, promovendo a toma de decisións informadas e a capacidade de aprender de xeito independente.

3.3.4 Proporcionar retroalimentación construtiva continua e oportuna sobre a actividade académica do estudantado

- Ofrecer retroalimentación clara e específica sobre os traballos e avaliacións do estudantado para axudalo a reforzar as súas fortalezas e comprender as súas áreas de mellora.
- Proporcionar orientación individualizada e sen nesgos de xénero para o desenvolvemento académico e profesional do estudantado.

3.3.5 Integración de recursos tecnolóxicos e ferramentas educativas apropiadas

- Explorar e empregar recursos tecnolóxicos relevantes, como presentacións multimedia, vídeos, simulacións, plataformas en liña e ferramentas interactivas, para enriquecer a experiencia de aprendizaxe do estudiantado.
- Asegurar que os recursos tecnolóxicos son accesibles para todo o estudiantado e proporcionar apoio técnico cando sexa necesario.

3.3.6 Promoción dun ambiente inclusivo e respectuoso que valore a diversidade

- Crear unha contorna de aprendizaxe inclusiva que celebre a diversidade do estudiantado e promova o respecto mutuo.
- Incorporar perspectivas e exemplos diversos no ensino para reflectir a realidade multicultural e global.

Exemplos

- **Establecemento de horas de tutoría adicionais presenciais ou virtuais** que teñan en conta a conciliación da vida familiar, persoal e laboral (Zoom ou Microsoft Teams...) para que o estudiantado poida discutir as súas dúbidas ou preocupacións de maneira individual.
- **Emprego de plataformas de xestión da aprendizaxe** para compartir materiais do curso e anuncios, e comunicarse co estudiantado. O profesorado pode utilizar esta plataforma para proporcionar instrucións claras e recursos adicionais.
- **Establecemento dunha comunicación inclusiva, non sexista, transparente e flexible.** Como por exemplo, o envío de correos electrónicos ou outros modos de comunicación co estudiantado para lembrar datas importantes, compartir anuncios e proporcionar actualizacións sobre a materia. Tamén están dispoñibles para preguntas e discusións por correo electrónico.
- **Retroalimentación oportuna e sen nesgos de xénero sobre tarefas, exames e proxectos** para que o estudiantado poida comprender as súas fortalezas e áreas de mellora. Isto pódese facer a través de comentarios escritos ou reunións individuais.
- **Fomento da participación e da comunicación aberta na clase,** animando ao estudiantado de forma equitativa a facer preguntas e compartir as súas opinións. O profesorado responde as preguntas de maneira clara e alentadora.
- **Avaliación regular do progreso do curso e realización de axustes no calendario,** se é necesario, para adaptarse ás necesidades do estudiantado e garantir que se cumpran os obxectivos de aprendizaxe.

- **Aprendizaxe baseada en problemas ou proxectos.** Diseñar actividades nas que o estudantado trate problemas do mundo real e traballe de maneira colaborativa en grupos para buscar solucións. Por exemplo, nunha materia de ciencias da saúde, o estudantado pode recibir casos clínicos para diagnosticar e tratar; nunha materia de informática, o estudantado pode crear aplicacións ou sitios web como parte da súa avaliación final; e tamén, un docente de ciencias sociais e unha docente de informática poden colaborar para crear un proxecto interdisciplinar. O estudantado de ambas as disciplinas traballan xuntos nun proxecto que trata un problema real. Aprenden a aplicar os seus coñecementos e habilidades específicos de cada campo nun contexto real, o que fomenta a aprendizaxe activa e a colaboración.
- **Discusións, debates e mesas redondas en clase ou en liña guiadas.** Expor preguntas abertas e desafiantes durante as clases para fomentar a discusión e o debate. O estudantado pode ser dividido en grupos pequenos para discutir e logo compartir as súas conclusións con toda a clase. O profesorado establece normas para as discusións na clase que fomentan o respecto e a escoita activa, alentando ao estudantado a compartir as súas perspectivas e experiencias persoais de maneira respectuosa e creando un ambiente onde a diversidade de opinións é benvida.
- **Xogos de simulación.** Por exemplo, nunha materia de lingua estranxeira, pódese asignar un tempo regular para actividades de conversación en parellas ou en grupos pequenos, onde o estudantado practique o idioma en situacións reais. Ou nunha materia de dereito, o estudantado pode estudar casos xudiciais e debater sobre as decisións e implicacións.
- **Simulacións virtuais.** Nunha materia de química, o profesorado utiliza simulacións virtuais para ilustrar conceptos complexos. O estudantado interactúa con simulacións que lle permite experimentar con reaccións químicas e observar resultados en tempo real. Isto facilita a comprensión de conceptos abstractos e fomenta a exploración activa. Ou nunha materia de enxeñaría, o estudantado utiliza unhas lentes de realidade virtual, para explorar deseños en 3D e camiñar por estruturas virtuais. Isto permite unha experimentación inmersiva.
- **Aulas invertidas (*flipped classroom*).** Proporcionarlle ao estudantado recursos para adquirir o contido antes da clase (por exemplo, lecturas ou vídeos), e utilizar o tempo de clase para actividades de aplicación, discusión e resolución de problemas. Por exemplo, un ou unha docente de bioloxía molecular podería gravar vídeos curtos das súas leccións e compartilos co estudantado antes da clase. Durante as clases, o estudantado participa en discusións en grupo, resolucións de problemas e experimentos no laboratorio. O profesorado enfócase en aclarar dúbidas e guiar o estudantado na aplicación de conceptos.
- **Ensinó entre pares (*peer teaching*).** O estudantado divídese en grupos e asígnaselle un tema para ensinalo ao resto de clase. Isto fomenta a investigación independente, a preparación e a presentación efectiva.

- **Cartafol.** Fomentar a autorreflexión mediante a asignación de preguntas reflexivas ou a creación de diarios de aprendizaxe nos que o estudiantado poida rexistrar os seus pensamentos, ideas e experiencias relacionadas co curso.
- **Emprego de infografías e gráficos interactivos.** Por exemplo, un ou unha docente de economía utiliza infografías interactivas para representar datos económicos e tendencias. O estudiantado pode explorar e manipular os gráficos para comprender mellor os conceptos económicos.
- **Creación de historias interactivas.** Por exemplo, unha ou un docente de psicoloxía crea historias interactivas en liña que lle permiten ao estudiantado tomar decisións que afectan o desenvolvemento da trama. Estas historias axudan a ilustrar conceptos psicolóxicos e éticos.
- **Emprego de recursos multimedia en liña.** Por exemplo, un ou unha docente de historia utiliza unha plataforma en liña para crear un recurso que combina texto, imaxes, audio e vídeo para explorar eventos históricos importantes. O estudiantado pode navegar polo recursos ao seu propio ritmo. Unha ou un docente de literatura crea unha serie de podcasts nos que analiza e discute obras literarias clave, para que o estudiantado poida escoitalos e obter unha comprensión máis profunda dos textos. Un ou unha docente de bioloxía crea vídeos que mostran experimentos no laboratorio e presenta conceptos complexos de maneira visual e accesible. Estes vídeos compártense en liña e utilízanse como recursos de aprendizaxe fóra da aula.
- **Ferramentas de videoconferencia e colaboración en liña.** Unha ou un docente ofrece clases virtuais. Utiliza ferramentas de videoconferencia como Zoom ou Microsoft Teams para impartir clases en tempo real, e grávaas para que o estudiantado poida velas máis tarde. Ademais, utiliza ferramentas de colaboración en liña como Google Docs para que o estudiantado colabore en proxectos e traballos en equipo.
- **Desenvolvemento dun banco de preguntas en liña.** Este inclúe preguntas de opción múltiple, preguntas de resposta curta e preguntas de ensaio para cada unidade do curso. O estudiantado pode practicar e avaliar a súa comprensión antes dos exames.
- **Emprego de recursos personalizados para o estudiantado.** O profesorado ofrece recursos personalizados segundo as necesidades individuais do estudiantado. Por exemplo, proporcionan recursos adicionais para o estudiantado que desexe aprofundar nun tema específico.
- **Emprego dos principios do deseño universal para a aprendizaxe.** Por exemplo, un ou unha docente utiliza principios do deseño universal para crear materiais e actividades de aprendizaxe que sexan accesibles para todo o estudiantado. Ademais, proporciona opcións de formatos de lectura (texto, audio, vídeo) e brinda múltiples formas de demostrar o dominio dun concepto.
- **Creación de grupos de apoio estudantil.** Neles o estudiantado pode colaborar e recibir apoio mutuo. Estes grupos poden ser especialmente beneficiosos para estudantes

que se senten fóra do grupo ou que teñen dificultades académicas, como, por exemplo, a posta en marcha de grupos de mentoría.

○ **Métodos de ensino inclusivos.** Por exemplo, unha ou un docente emprega unha variedade de métodos de ensino, como lecturas, debates, vídeos e actividades prácticas, para adaptarse aos diferentes estilos de aprendizaxe do estudantado. Ademais, ofrece opcións flexibles para as avaliacións, permitindo que o estudantado elixa proxectos ou exames escritos segundo as súas fortalezas.

○ **Aprendizaxe servizo.** Por exemplo, un ou unha docente de educación colabora con organizacións locais sen fins de lucro. O estudantado involúcrase en proxectos que benefician a comunidade, como a titoría de menores en risco. Isto bríndalles unha experiencia práctica mentres aplican teorías educativas. O profesorado guía o estudantado a través da reflexión crítica sobre o seu traballo na comunidade.

○ **Uso da tecnoloxía de resposta na aula.** Por exemplo, unha ou un docente utiliza tecnoloxía de resposta na aula, como sistemas de *clickers* ou aplicacións de enquisas en tempo real. Durante as clases, o profesorado expón preguntas e o estudantado responde utilizando os seus dispositivos. As respostas móstranse en tempo real, o que lle permite ao profesorado identificar áreas de confusión e promover a discusión e o debate na aula.

○ **Aprendizaxe en liña adaptativa.** Nunha materia en liña de matemáticas utilízase unha plataforma adaptativa que personaliza o contido segundo o progreso do estudantado. O estudantado avanza ao seu propio ritmo e recibe retroalimentación instantánea sobre o seu desempeño. Isto fomenta a autonomía, xa que o estudantado pode centrarse en áreas nas que necesita mellorar e acceder a recursos adicionais cando o desexe.

○ **Retroalimentación por pares.** Nunha materia, o estudantado revisa e comenta os traballos doutras compañeiras e compañeiros. O estudantado recibe orientación sobre como proporcionar retroalimentación construtiva. Logo, revisan e comentan os traballos de maneira estruturada. Esta práctica non só alenta a retroalimentación entre iguais, senón que tamén lles axuda a desenvolver habilidades críticas de revisión.

○ **Blogs e wikis educativos.** Nunha materia de literatura, o estudantado crea blogs e wikis para discutir e analizar obras literarias. Escribe análises críticas, comentarios e reflexións sobre as obras nos seus blogs individuais, e colabora na construción dun wiki que serve como recurso compartido. Isto fomenta a participación activa e a construción colectiva do coñecemento.

○ **Aplicacións de gamificación.** Nunha materia de historia da arte, o persoal docente utiliza unha aplicación de gamificación para motivar ao estudantado. O estudantado participa en xogos e cuestionarios en liña relacionados coas obras de arte e os períodos históricos estudados. Gañan puntos e desbloquean logros a medida que avanzan no curso, o que aumenta a súa participación e compromiso.

○ **Creación dun código de conduta na aula.** Ao comezo da materia, o ou a docente colabora co estudantado para desenvolver un código de conduta na aula, que establece expectativas claras sobre o respecto mutuo e a inclusión. Este código refórzase ao longo do curso e utilízase para tratar calquera comportamento que non sexa respectuoso.

○ **Participación de persoas expertas ou relevantes na materia.** Convidase a unha representación equilibrada de homes e mulleres de diversas traxectorias, culturas e perspectivas para que falen en eventos ou clases. Isto expón ao estudantado a unha ampla gama de voces e enfoques, o que enriquece a súa comprensión dos temas e fomenta a apreciación da diversidade.

○ **Mentoría intercultural.** Ao estudantado asignánselle persoas mentoras que teñen diferentes antecedentes culturais ou experiencias de vida. Esta mentoría fomenta a comprensión intercultural e proporciona apoio a estudantes de diversas orixes.

3.4 Dimensión dos resultados: descritores e exemplos

Neste apartado desenvólvense os descritores e engádense exemplos para definir o marco para o desenvolvemento de boas prácticas da dimensión dos resultados:

3.4.1 Avaliación formativa e sumativa que brinde información sobre o progreso do estudantado

- Empregar unha combinación de avaliacións formativas (avaliacións continuas durante o curso) e sumativas (avaliacións ao final do curso) para medir o progreso e o logro do estudantado.
- Proporcionar unha retroalimentación regular, específica e sen nesgos de xénero, sobre o desempeño do estudantado para o axudar a identificar as súas fortalezas e as áreas de mellora.

3.4.2 Cualificación xusta e consistente das tarefas e avaliacións

- Establecer criterios claros e transparentes para a cualificación das tarefas e avaliacións.
- Asegurarse de que a cualificación sexa imparcial, consistente entre as diferentes persoas avaliadoras e baseada no rendemento do estudantado.

3.4.3 Análise e uso dos resultados de avaliación para mellorar o ensino

- Analizar os resultados das avaliacións para identificar áreas nas que o estudantado poida ter dificultades e realizar axustes no ensino.
- Reflexionar sobre os resultados da avaliación e buscar oportunidades de mellora nos métodos de ensino, materiais didácticos e estratexias de avaliación.

3.4.4 Facilitación do logro dos obxectivos de aprendizaxe establecidos

- Diseñar actividades e avaliacións aliñadas directamente cos obxectivos de aprendizaxe establecidos.
- Proporcionarlle apoio e recursos adicionais ao estudiantado que necesite axuda para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe.

3.4.5 Retroalimentación e seguimento do desempeño académico do estudiantado

- Manter un seguimento regular do desempeño académico do estudiantado e proporcionar unha retroalimentación continua sobre o seu progreso.
- Identificar áreas nas que o estudiantado poida necesitar apoio adicional e ofrecer recursos e estratexias complementarias para o axudar a mellorar e acadar os obxectivos de aprendizaxe, como titorías individuais, asesoramento académico ou obradoiros de mellora de habilidades.
- Realizar o seguimento das persoas egresadas para recompilar datos sobre a súa empregabilidade, logros profesionais e satisfacción laboral, e utilizar esta información para avaliar e mellorar a planificación e as prácticas docentes.

3.4.6 Avaliación e mellora continua

- Empregar os resultados das avaliacións do estudiantado, as opinións e a retroalimentación do estudiantado e os informes institucionais para realizar axustes e melloras na planificación e desenvolvemento da docencia.

Exemplos

- **Creación de rúbricas detalladas e transparentes para cada tarefa e avaliación.** Estas rúbricas especifican os criterios de avaliación e os niveis de desempeño esperados. Ao utilizar rúbricas, asegúrase de que a avaliación sexa xusta e coherente para todo o estudiantado.
- **Reunións periódicas entre o profesorado da materia e o departamento para calibrar os seus estándares de avaliación.** Isto implica a revisión de exemplos de traballos de estudantes e a discusión para garantir que todo o profesorado ten unha comprensión común do que constitúe un desempeño excelente, bo, suficiente e deficiente do estudiantado.
- **Revisións por pares entre o profesorado da mesma materia.** Nelas os/as colegas revisan e cualifican mostras aleatorias de tarefas ou exames. Esta revisión adicional axuda a garantir a xustiza e consistencia das cualificacións.
- **Realización de avaliacións anónimas.** En cursos onde a avaliación é subxectiva, como a avaliación de traballos de escritura, os profesores e profesoras realizan unha

avaliación inicial dos traballos sen coñecer a identidade do estudantado. Isto axuda a evitar prexuízos e estereotipos de xénero e garantir unha cualificación máis xusta e obxectiva.

- **Revisión e mellora sistemática das rúbricas.** O profesorado revisa e actualiza periodicamente as rúbricas de avaliación para asegurarse de que sigan sendo relevantes e efectivas na medición dos obxectivos de aprendizaxe.

- **Seguimento de padróns de cualificación.** O profesorado mantén rexistros das cualificacións que outorgan ao longo do tempo e comparan padróns de cualificación para identificar posibles desviacións ou inconsistencias na avaliación.

- **Realización de reunións de revisión de datos co profesorado da materia e o departamento.** O profesorado réunese regularmente para analizar os resultados das avaliacións do estudantado, como as enquisas de avaliación docente e as avaliacións de aprendizaxe. Durante estas reunións, discuten as áreas de mellora identificadas polo estudantado e comparten estratexias exitosas. Isto promove o intercambio de boas prácticas e a mellora constante do ensino.

- **Avaliación da efectividade das estratexias pedagóxicas.** Un ou unha docente utiliza diferentes metodoloxías co fin de avaliar a efectividade das diferentes estratexias de ensino, comparando os resultados para medir o progreso do estudantado. Os resultados utilízanse para adaptar o seu enfoque pedagóxico e maximizar a aprendizaxe do estudantado.

- **Participación en grupos de mellora docente.** O profesorado réunese para revisar os seus resultados de avaliación e colaborar na identificación de estratexias para mellorar o rendemento estudantil. O profesorado comparte experiencias e apóiase mutuamente na implementación de melloras nos seus cursos.

- **Realización de avaliacións de actividades académicas piloto.** Antes da implementación de cambios importantes nun programa académico, o profesorado pode realizar actividades académicas piloto cun grupo reducido de estudantes. Os resultados analízanse para avaliar a efectividade das novas estratexias de ensino antes da súa implementación a grande escala.

- **Avaliacións baseadas en evidencias.** O profesorado utiliza a análise de datos e resultados para avaliar a eficacia das súas materias. Analízanse as taxas de éxito e rendemento, as cualificacións dos exames e a asistencia e os resultados das enquisas de avaliación docente para identificar tendencias e determinar que cambios curriculares ou pedagóxicos son necesarios.

- **Realización de enquisas ao estudantado.** Ao final de cada materia, o estudantado podería realizar enquisas complementarias ás institucionais nas que proporcionan retroalimentación detallada sobre a súa experiencia, incluíndo o que funcionou ben e o que podería mellorarse. O profesorado utiliza esta retroalimentación para realizar axustes en futuras ofertas do curso.

○ **Utilización de datos para a toma de decisións.** O profesorado utiliza os datos de avaliación das materias e os resultados do estudantado de cursos anteriores para tomar decisións informadas sobre a asignación de recursos, a revisión do plan de estudos e a identificación de áreas de mellora no ensino.

○ **Programación de reunións individuais co estudantado** para discutir o seu desempeño, ofrecer orientación e establecer metas de mellora.

○ **Implementación dun sistema de retroalimentación 360 graos**, no que o estudantado recibe retroalimentación de compañeiros/as, profesorado e autoavaliación. Isto promove unha visión máis completa do seu desempeño e habilidades de liderado, o que o axuda a desenvolverse de maneira máis efectiva.

○ **Identificación do estudantado en risco académico mediante un sistema de alerta temperá.** Este estudantado recibe apoio adicional, como sesións de tutoría individualizada, asesoramento académico e acceso a recursos de aprendizaxe adicionais para axudalo a superar os seus desafíos académicos.

○ **Establecemento dun conxunto de criterios e de estándares de avaliación coherentes para todos os cursos.** O profesorado segue estes estándares para proporcionar retroalimentación e avaliar o desempeño de maneira uniforme, o que lle brinda ao estudantado unha experiencia de aprendizaxe consistente en todo o departamento.

○ **Revisión dos resultados e de toda a información dispoñible.** Esta realizarase tras rematar o curso, para reflexionar sobre ás áreas de mellora, e utilizar esta información para planificar melloras e/ou participar en programas de capacitación/formación para manterse ao día nas mellores prácticas docentes.

○ **Aviación constante da efectividade dos programas de apoio estudantil**, como tutorías, asesoramento académico e profesional. Os resultados utilízanse para mellorar estes programas e garantir que satisfagan as necesidades cambiantes do estudantado.

○ **Solicitud de retroalimentación de colegas e realización de revisións de pares para avaliar e mellorar o seu ensino. Isto fomenta unha contorna de aprendizaxe colaborativa.**

○ **Reunións regulares entre o profesorado para discutir os seus métodos de ensino, compartir boas prácticas e aprender mutuamente. Isto fomenta a mellora continua das estratexias de ensino.**

○ **Actualización dos materiais e dos contidos para reflectir os avances na disciplina e a relevancia para a vida laboral actual, garantindo que o estudiantado reciba unha educación actualizada e pertinente.**

BORRADOR

4 Modelo de formulario-ficha para determinar unha boa práctica

No marco do programa Docentia da Universidade de Vigo, o profesorado poderá facer unha valoración da súa docencia identificando na ficha anexa a continuación as boas prácticas que leva a cabo. Trátase de que inclúa unha descrición motivada das prácticas docentes que considere que están redundando nunha mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O contido nestas fichas forma parte dos rexistros e dos resultados que a comisión nomeada para o efecto avalía no marco da convocatoria quinquenal do programa Docentia, no que o profesorado participa voluntariamente.

En definitiva, para facilitar o labor de detección de boas prácticas docentes e que estas sexan recoñecidas a través do programa Docentia, e mesmo institucionalmente, preséntase un modelo de ficha-formulario coa información mínima relevante para a súa análise e validación.

O formulario, que se inspira no modelo Unesco, preséntase así como unha ferramenta normalizada, facilitando o labor de recollida de información e mesmo de transferencia de coñecemento.

| |
|--|
| Nome do ou da docente |
| |
| Denominación da boa práctica (Debe expresar o contido da actividade dunha forma moi breve e concisa) |
| |
| Materia (s) asociada(s) e titulacións correspondentes |
| |
| Antecedentes (Contexto e necesidades de partida) |
| |
| Obxectivos (Debe recoller en poucas liñas o esencial da experiencia para obter unha primeira e rápida aproximación ao seu contido) |
| |
| Desenvolvemento da actividade/experiencia (Deberá describirse o modo mediante o cal, a partir do problema, se avanzou ata os obxectivos previstos) |
| |
| Resultados e conclusións (Describiranse os efectos da prácticas achegando datos cuantitativos e/ou cualitativos. Incorporáanse brevemente as leccións aprendidas a través da experiencia levada a cabo de modo que sirva de guía para outros docentes) |

| Metaavaliación da boa práctica (Debe sinalarse cun x se a práctica presenta os seguintes trazos) | | | |
|--|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
| Innovadora | Efectiva | Sostible | Replicable |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| Breve xustificación dos trazos sinalados | | | |
| | | | |

BORRADOR

5 Bibliografía

1. **Unesco:** *Most Schools*. [En liña] [Ref. do 6 de 10 de 2021]. Disponible en: <https://en.unesco.org/themes/social-transformations/most>.
2. **Paricio, J., Fernández, A., e Fernández, I. (2019):** *Cartografía de la buena docencia universitaria: Un marco para el desarrollo del profesorado basado en la investigación (vol. 52)*. Narcea Ediciones.
3. **Zabalza Beraza, M. A. (2012):** *El estudio de las 'buenas prácticas' docentes en la enseñanza universitaria*. *REDU: Revista de Docencia Universitaria*.

BORRADOR